

**A ALAMEDA (LA ALAMEDA, 1978, 40')**

**SEVILLA TIVO QUE SER (SEVILLA TUVO QUE SER, 1978, 9')**

**SEVILLA EN TRES NIVEIS (SEVILLA EN TRES NIVELES, 1978, 9')**

**A CIDADE É O RECORDO (LA CIUDAD ES EL RECUERDO, 1978, 8')**

## **ARQUITECT\*S 77 - CONCELLO 0**

**DAVID GÓMEZ**

A pretensión municipal de intervir urbanísticamente sobre a Alameda de Hércules non era nova en 1997; e a oposición cidadá á actuación que se presentaba tampouco. Xa en 1977 houbo un primeiro intento de remodelar (drásticamente) o paseo, e parte do seu contorno. E grande foi o rexeitamento que o mesmo xerou entre diversas entidades e colectivos sociais. O d\*s arquitect\*s, co seu colexio profesional á fronte, foi un deles, xogando un importante papel na crítica e na oposición a ditos plans.

Botamos aquí a vista atrás porque cremos de interese, dun lado, saber das iniciativas desenvolvidas contra aquel proxecto (algunhas das cales, de feito, vinte anos máis tarde inspiraron outras no mesmo lugar e por similares motivos). E doutro, albiscar como certas formulacións e propostas urbanísticas, así como a súa correspondente crítica, xéranse e mantéñense no tempo, en ocasións ao longo de moitos anos practicamente sen cambios no substancial.

Así, en xullo de 1977 o Pleno del Concello aproba o «Plan Especial de Renovación Urbana sobre o Sector da Alameda de Hércules», o que supón o punto de arranque da polémica. Porque a situación da Alameda e as súas inmediacións, padecendo unha xa manifesta degradación urbana tras lustros de (¿inocente?... ) abandono público, e a posible intervención municipal na zona, viñan sendo obxecto de atención facía un tempo; pero é a partir da aprobación deste plan cando o debate e a polémica toman corpo, alongándose máis dun ano, e xérase o rexeitamento público de asociacións veciñais, partidos políticos, grupos de arquitect\*s e da entidade colexial dest\*s. E había boas razóns. Vexamos.

A trazos grosos, o plan contempla la construcción dun gran aparcadoiro baixo a Alameda; o derrubamento de boa parte dos seus edificios, substituídos por outros de cinco andares e composición homoxénea; a reordenación completa do paseo, incluída as súas árbores; e o ensanchado da rúa Calatrava, co derribo de todo o flanco occidental.

Ante dito plan, por un lado e para empezar, preséntanse numerosas alegacións, durante o período de exposición pública, en setembro dese ano. Entre elas destacan

as elaboradas polo colexio d\*s arquitect\*s e as que firman conxuntamente o grupo de arquitect\*s «Argüelles» e varios partidos políticos.

Unhas alegacións que, entre outros aspectos, sinalan irregularidades formais do plan, tanto na súa documentación como na súa tramitación, que farano anulable. Denuncian insalvables contradicións con formulacións urbanísticas de rango superior. Evidencian incongruencias graves entre os obxectivos que o plan di perseguir e as actuacións que o mesmo presenta, coas consecuencias que estas conlevarían: para o xa caótico tráfico; para o mantemento da arquitectura tradicional; para a permanencia da veciñanza; para a supervivencia da alameda;... Pero que tamén inclúen (nas presentadas polo grupo Argüelles e os partidos políticos) unha de carácter previo: o plan está «promovido por un Concello sen a necesaria lexitimación democrática, nun período de transición política, e significa a toma de importantes decisións nun sector da cidade especialmente significativo, hipotecando gravemente a futura xestión cidadá.

Aparte de alegar contra o plan, o colexio de arquitect\*s emprende outras iniciativas. Unha foi a organización dun concurso de ideas, que suscitara alternativas e propostas que puideran servir de base para a redacción dun futuro planeamento que si que contara cun consenso maioritario. O concurso convocase en novembro dese mesmo ano, preséntanse oito propostas e fállase en abril de 1978, ao peche da exposición que se artella con elas na propia Alameda.

Outra foi promover unha película sobre a Alameda e o seu entorno, que contribuíse a un debate público sobre as posibles alternativas de intervención urbana na zona. Encárgase a súa dirección ao cineasta (e tamén arquitecto) Juan Sebastián Bollaín, co que colabora Nonio Parejo, que a formula como unha discusión na que se recollen variados enfoques (agás o do Concello, que rexeita intervir), suxerentes de cara ao debate que había de seguir á súa proxección. «A Alameda» ve a luz en abril de 1978, e nos seus 45 minutos de duración reflicte con frescura os procesos de destrución da cidade. Aparte de como «introdución» a debates, exhi-

bese no propio paseo e en diversos certames. Hoxe é xa un clásico, que ben merece verse.

Tamén se organiza, en abril de 1978, unha exposición cos proxectos presentados ao concurso de ideas. Instálase nunha caseta de lonas, tipo feira, montada na propia Alameda, e permanece aberta dúas semanas. No seu transcurso realízanse dous debates públicos no Cine Club Vida (situado na veciña rúa Trajano), aos que asiste o xurado do concurso e aos que precede a proxección da película. Unha iniciativa esta que supón a primeira experiencia deste tipo na cidade.

En outubro de 1978 lánzase a consigna «Salvar a Alameda», porque «se tamén se perde esta batalla, será cada vez máis difícil salvar a cidade». Sen comentarios...

E referimos por último a edición, en xuño de 1979, dunha publicación coa que se pretende proporcionar un material básico para a reflexión sobre o proceso de deterioro de Sevilla, das cidades, que rebase o círculo profesional de\*arquitect\*s. Porque, como se di na presentación do documento, «a Alameda, pouco a pouco, vaise poboando de oficinas bancarias, baleirándose de patios veciñais, poboándose de ratas, abafándose de motores circulantes e perdendo aos seus habitantes ao desigual cambio dun animado paseo-compra-venta dos máis estraños obxectos de consumo», e porque «a construción da cidade debe ser unha tarefa colectiva e, para iso, o primeiro paso é conquistar o dereito á cidade». Unhas afirmacións que, trinta anos máis tarde, seguen sendo igual de certas, e que vistos agora poñen en evidencia que pouco cambian as cousas, e canto cambiaron outras!...

Todas estas iniciativas tiveron un considerable eco nos medios de comunicación; e moi probablemente tamén entre \*s responsables polític\*s de entón. O caso é que este plan municipal para a Alameda non se chegou a executar.

Por fin, pasados vinte anos, os procesos (especulativos, de recambio poboacional...) que o plan prevía que ían a ser potenciadores, remataron chegando ao barrio (iso si, algo máis tarde do previsto). E, todo sexa dito, nos novos embates chegados despois (ás veces tamén en forma de plan; outras máis discretamente) tería estado moi ben que o movemento social de oposición aos mesmos contara de novo coa participación de aqueles que outrora se implicaron (se implicaban) tan activamente pola súa cidade, por unha cidade mellor.

## **PRÓXIMAS PROXECCIONS**

### **MÉRCORES 12 DE DECEMBRO, ÁS 21.30H**

*Doutro xeito, Molussia (Autrement, la Molussie,*  
Nicolas Rey, Francia, 2012, 81', vösg)

### **MÉRCORES 19 DE DECEMBRO, ÁS 21.30H**

*Demolición (拆迁 [Chaiqian] / Demolition,*  
J. P. Sniadecki, China / EUA, 2008, 62', vösg)